

Lugo, maio de 2011. ADEGA-Lugo realizará o penúltimo roteiro deste curso de andainas dedicado á lingua nas terras de **Eduardo Pondal**, na paisaxe do **Xallas**, na Costa da Morte. Terá lugar o **domingo 29 de maio** e está organizado xunto coa Plataforma en Defensa do río Xallas, cuxos representantes serán os guías da camiñada desde o lugar de Olveira ata o mirador do Ézaro. Durante o percorrido, duns 15 km, poetas da comarca evocarán as palabras de Pondal e doutros autores da zona.

Desta volta faremos o roteiro pola Costa da Morte, á beira do río Xallas. Ao tempo que pretendemos reivindicar a protección deste río, tamén **lembraremos a Eduardo Pondal,** un dos autores galegos máis relevantes do século XIX e en cuxa obra están moi presentes as paisaxes do Xallas. Foi o autor do poema "Os pinos" que, con música de Pascual Veiga, deu lugar ao himno galego. Acompañarannos algúns poetas da Costa da Morte, que nos axudarán a coñecer e valorar a obra de Pondal.



O **Xallas** é o río que conta con máis potencia hidroeléctrica instalada na bacía Galicia-Costa. Aínda así, está en proxecto a construción de tres novas centrais nun treito no que o río xa conta con 5 aproveitamentos e 4 encoros. O roteiro permitiranos camiñar por algúns dos poucos treitos do río aínda virxes e marabillarnos coa beleza da **Devesa dos Anllares.**

O inicio do roteiro terá lugar en **Olveira** (concello de Dumbría). Camiñando pola vertente oeste do Xallas cruzarémolo pasando xa ao concello de Mazaricos, onde visitaremos a central de **Ponte Olveira**
(onde está proxectada a construción doutra nova). Despois de pasar polo lugar de **Campelo**
, chegaremos á Devesa dos Anllares, fronte á cal está prevista outra central. Dirixirémonos ao lugar de
Arcos
e remataremos o roteiro no
miradoiro do Ézaro
.

O roteiro ten **unha lonxitude de 15 km** e pode considerarse de **dificultade media.**

LUGARES E HORAS DE SAÍDA:

-Para as persoas que vaian **desde Lugo**, a hora de saída é as **8 da mañá**. O bus sairá a esa hora de diante da Escola de Maxisterio (Avenida de Ramón Ferreiro). Haberá que reservar praza chamando ao
679 113 718
ou ao
982 240299.

-O punto de encontro **en Olveira** será no Bar As Pías (parada habitual dos peregrinos) **ás 11 da mañá**
. Ás 10:30 da mañá sairá un grupo de xente cara a Olveiroa dende o IES Fernando Blanco de Cee.

Aconséllase leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s.

PREZOS:

Xeral..... 15 € Estudantes, xubilad@s e no paro.....12 €

Soci@s..... 10 €

Ata 17 anos..... 5 €

ÚLTIMO ROTEIRO DE ADEGA LUGO DO CURSO 2010-2011:

26 Xuño: “Vendo-os assim tão pertinho…” Valença-Monçao